

PALABRAS FINAIS

Contrapondo o recordo dos tempos felices a un futuro cada vez menos benévolo, constrúe Lino Braxe *O longo día acaba*, accésit do premio González Garcés en 2002. Redunda o poeta agora nesa liña culturalista que lle é tan grata e así o diálogo coa literatura universal é constante acrecentándolle tamén referencias a outras artes para conformar uns textos cheos de homenaxes ós autores admirados. Igualmente, a evoación desa “deusa branca” -amante e amada- introduce nos poemas un discurso erótico directo que se entende como bálsamo fronte ó remate dun ciclo poético e vital. Porén, a mensaxe que se encerra en *O longo día acaba* non é outra que “É inútil fuxir dos anxeios do corazón”.

Tempos Novos, 75, Agosto 2003, p. 68